

MERRILY WE GO TO HELL (TÚA PARA SEMPRE)

1819

Dorothy Arzner, 1932

ESTREA EN NUMAX: 01.09.2026 | V.O.S.E. | 78 min

Debates contemporáneos como as adicións, as relacións abertas ou a liberación sexual feminina foron tratados en 1932 neste filme de Dorothy Arzner, a única muller directora do Hollywood dos anos 30. A cineasta leva estes temas á gran pantalla cunha franqueza, sofisticación, enxeño e madurez sorprendentes, mesmo dentro do atrevido cinema previo á implantación do Código Hays.

«Dorothy Arzner ofrece unha película de aparencia lixeira pero extremadamente complexa sobre as relacións amorosas e a institución do matrimonio»

EL BLOG DE HILDY JOHNSON



MERRILY WE GO TO HELL (TÚA PARA SEMPRE)

Dorothy Arzner, 1932

EUROPEAN
CINEMA
Creative Europe MEDIA

Alegremente imos cara ao inferno

Por Denis Rossano

Estreada o 10 de xuño de 1932, *Merrily We Go to Hell* foi un grande éxito para a Paramount, cunha recadación total de 111,5 millóns de dólares (axustados á inflación actual) en billeteira. O filme confirmou o estatus de super-estrela de Fredrich March, que interpretara o mesmo ano a formidable *Dr. Jekyll e M. Hyde* (Rouben Mamoulian) coa que gaña un Óscar, acompañado de Sylvia Sydney, un dos rostros máis icónicos do cinema Pre-Code (grava 5 filmes en 1931 e 4 en 1932), e presenta a Cary Grant, moi destacable no seu pequeno papel.

Baseado nun best-seller esquecido de Cleo Lucas, o filme inscíbese nunha certa tradición de comedias que viran cónicas e dramáticas, con diálogos sofisticados e temáticas provocadores como podían ser o alcolismo e o seu impacto nunha parella moza. O filme presenta tamén temáticas moi subversivas, mesmo para o período Pre-Code, como a súa aberta manifestación da posibilidade dunha relación de parella non necesariamente monógama e cun ton xeral, baixo a dirección de Dorothy Arzner, claramente feminista.

Pamela Hutchinson, en *The Independent*, salienta que “as críticas furtivas ao matrimonio e ás demandas da sociedade cara ás mulleres son omnipresentes na súa filmografía”. A biógrafa da realizadora, Judith Mayne, subliña que “*Merrily We Go to Hell* é o seu filme máis ambivalente sobre o matrimonio, cunha ollada pouco comfortable sobre o mesmo até o seu ambiguo final, onde se albisca algo de esperanza”. A crítica Sheila O'Maley escribe que “o filme é un exemplo da maneira na que os filmes Pre-Code daban proba da súa coraxe e convicións. Van até as últimas consecuencias. Relatan os acontecementos tal e como suceden na vida real e non como a moral da época quería que se producisen.”

O título, que se traduciría literalmente como “alegremente imos cara ao inferno”, causou escándalo e os xornais da época negáronse a publicalo, con censuras en países como España ou Inglaterra. Nos cinemas de Ohio, e pode que noutros Estados, algunhas escenas foron cortadas coas protestas do público. Arzner renovaría nun inicio o seu contrato para a Paramount pero a produtora, en plena crise económica, esixe unha baixada de salario o que provoca e Arzner continúa en adiante como directora independente.

Arzner, abertamente lesbiana, fica canda Lois Weber (que gravaría nos anos 10 e 20) como a única directora con éxito de Hollywood, antes da chegada de Ida Lupino en 1949. Neste sentido a súa mirada eminentemente feminina e feminista *avant la lettre* en plena era Pre-Code fai que os seus 12 filmes da época sexan fascinantes. Estudante da USC, traballadora dunha ambulancia durante a Primeira Guerra Mundial, lánzase a ao cinema en 1919 traballando para William DeMille (irmán do célebre Cecil B.). Montadora da exitosa *Sangue e area* (Fred Niblo), dirixe o seu primeiro filme en 1929 e moi axiña será recoñecida no terreo do melodrama e os daquela coñecidos como *Women's Pictures*.

Publicado no libreto de “Les Années ‘Pré-Code’ Hays en 10 filmes” [BluRay, Denis Rossano Ed.]

NUMAX **10**
numax.org